

XVIII CONCURSO DE RELATOS CORTOS REPSOL YPF

Segundo Premio Lengua Gallega

Autora: Ana Costas Vilas

Lema: Deica o máis alá

Relato: “Engano á Morte”

**Centro Educativo: IES Johan Carballeira
BUEU (Pontevedra)**

ENGANO Á MORTE

Aquela noite Adela non durmira ben, levaba a pé xa dúas horas e aínda non conseguira calmarse. Sería certo o que aquela xa defunta costureira do pobo lle agoirara? Quen o sabe, unha parvada de tantas outras ás que non lles fas caso ningún. Pero nesta aldea levan acontecido tantas cousas estrañas que unha nunca pode ficar tranquila. Adela xa tiña ouvido moitas veces casos dos chamados “cargos” que unha muller que “sabe” deixa cando morre, pero ata agora nunca se quixera preocupar por semellante cousa.

Súa filla, Pauliña, era unha rapaza moi leda, despreocupada - o cal era lóxico ós seus sete anos - que sempre andaba por fóra da casa a xogar. Mais ultimamente anda un pouco estraña pero a nai vive tan apegada ó seu traballo na aldea que non se preocupou nunca de mirar demasiado pola filla.

Aquela mañá Pauliña estaba calada, coas lagañas nos ollos. Sentou á mesa para almorzar, coma cada mañá, unha cunca de leite .A nai colleu o cazo co almorzo quente para llo botar á súa filla na cunca, e virouse cara a Pauliña que vía inocentemente cara á ventá que daba ó camiño. Pero a inocencia que a cara da nena reflectía non a viu a nai: Adela viu na cara da filla a desgraza, a morte, viu unha profundísima escuridade no interior daqueles ollos, a súa pel de meniña mudara nunha pavorosa e engruñada costra que lle cubría cara e mans, noxenta, putrefacta cal se levase varias semanas en proceso de descomposición; Adela viu na súa filla un ser descoñecido do que por un instante sentiu medo. Sen se dar conta soltou o cazo e queimou as pernas. O barullo chamou a atención da pensativa rapaza, que se ergueu rapidamente para acudirlle á nai axeonllada no chan, . Cando a nena se achegou, a nai non quixo mirala á cara, pero a doce voz da pequena falándolle abrandouna e decidiu volver a face. De novo era ela, a súa filla, a meniña fermosa de pel branquiña e avermelladas fazulas, con cara de saúde e de susto

tamén. Apertouna fortemente contra o peito pensando en que podía ter pasado para ver aquela ilusión tan inquietante e estraña mais, en definitiva, tan real. Decidiu quitarlle importancia: aqueles días non os pasara moi tranquila e pensou que aquela tarde súa filla podía ir con ela traballar na aldea.

Coma cada serán tiñan a cociña limpa cedo, todo listo para ir as dúas apaña-la herba a unha leira que tiña a familia non moi lonxe da igrexa. A filla ía diante brincando leda cal añiño novo semellando non lle dar a terra para correr. A nai vía para ela orgullosa. Pero algo chamou de súpeto a súa atención: un corvo negrísimo coma nunca tal vira veuse pousar ó paso delas. Había moitos anos que non se vía tal polos arredores, dende a morte daquel vello rosmón que vivía a par da fonte, lembrouse Adela. A inquietude apoderouse novamente do seu corazón. Tralo paso da súa filla, observou Adela o emerxer de brancas cruces. De entre a herba, que se vovera podre e barolenta, xurdiron tres funestas cruces de pedra branca que se reduciron a cinzas e a pó en segundos e desapareceron coma espectros do Alén. Adela soltou o burro que levaba pola corda e avalanzouse sobre o chan, perdeu as mans entre a herba e non achou máis ca a terra do chan. Alzou os ollos, que bagoantes observaron a súa filla: seguía correndo polo verde camiño entre as leiras dos veciños, tamén verdes e gomadas de herba aínda mollada, pois o sol aínda non derretera a xeadas. Sobre elas un inmenso ceo azul, infinito, no que Adela perdía a vista preguntándose que estaría pasando, que lle estaba a suceder a súa filla. Volveuse incorporar e colleu o animal de novo para seguir ata a leira. Deuse conta entón de que xa non estaba o corvo, pero no canto unha nova presenza se fixo notar preto: unha muller de xa moita idade que vivía na aldea. Era unha viúva que sempre andaba sen rumbo polos camiños a cotío vestida cun chaquetón escuro. Agochaba a cara cun pano. Alí estaba queda, ficando para a nena, mostrando algún tipo de interese

que a nai non soubo comprender mais que a inqueda gravemente. De tódolos xeitos aínda non se recuperara da impresión do acontecido e ó pasar polo lado da muller non lle mirou para a cara por que non lle notase nada estraño. Xa ían varias horas de noite e tanto Adela coma a súa filla tiñan xa ceado. Foi entón cando alguén chamou insistentemente á porta. Adela mandou a Pauliña ir para a cama mentres ela atendía a quen chamara, máis por medo a quen ou que puidese ser ca por ningún outro motivo. Logo de se asegurar de que a nena entrara no cuarto, a nai abriu a porta. Ó outro lado estaba Carme, unha veciña que fora moi amiga da avoa de Pauliña, xa morta había tempo. A muller viña moi angustiada, parecía asustada, a expresión da súa face revelaba un gran temor quizais por algo que acababa de ver ou oír. Adela mandouna sentar e ofreceulle unha cunca de caldo do que fixeran para a cea, proposta que a muller rexeitou apuradamente. Colleu á nai das mans e confesoulle o motivo do seu desacougo. Os ollos de Adela volvéronse encher de duras bágoas que non puido reprimir, as súas mans cheas de carraxe rabuñaban na madeira de carballo da humilde mesa. Alí quedou toda a noite soa, esperta, agardando a chegada do novo día que supoñía sería decisivo para a vida dela e da súa pequena.

Eran case as oito da mañá. Hoxe, a diferenza doutros días, non agardou a ver como amancería a súa filla e marchou. A súa veciña déralle indicacións para afrontar asuntos coma aquel, cousas para as que non todo o mundo está preparado. Chegada á casa indicada, a muller deuse conta de que se trataba da anciá que ronda os camiños, a que atopara o día anterior cando lle acontecera a segunda visión. Entrou con apuro. A muller estaba sentada fronte a unha lareira vella, esnaquizada, a cor da pedra xa non se distinguía con claridade, o resto da estancia, coma a entrada, eran moi humildes e con escasa hixiene. A muller non se virou pero Adela non agardou que o fixese.

–Preciso falar con vostede urxentemente, señora, e teño o presentimento de que xa

saberá o motivo.

–Quen che mandou vir a min?

–Carme, a que vive ó lado da taberna. Chegou onte á miña casa moi entrada a noite.

Veume contar que se acababa de atopar cunha mala estampa: presenciou a partida da Compañía dende o adro. En principio non a crin, nunca confiei nesas cousas, pero onte pasaron algunhas que case me obrigan a crer.

–Carme sabe que por ter visto o acompañamento está condenada xa. Tiveches sorte de que acudise a ti antes de morrer.

–Díxome que levaban un cadaleito de madeira branca, pequeno, para un anxiño.

O tintineo da campá que portaban feríalle os oídos pero de calquera xeito detívose a observar e viu que o pousaban na miña porta. Señora, por Deus bendito, dígame vostede que debo facer para salva-la miña filla de semellante desgraza; Dareille a vida se for preciso, pero polo que máis queira, axúdea!

–En verdade pensas se pode salvar a morte, nena? As ánimas traen a mensaxe, todopoderosa. A morte non se pode enganar, ningún home pode, nin muller.

–Carme díxome que vostede si podía, señora, que xa vostede o fixera algunha vez. Contoume que súa filla sufrira algo semellante e ata onde eu sei agora está traballando na Arxentina; daquela, se a salvou a ela, por que non face-lo mesmo coa miña?

–Hai un prezo, nena, un prezo que non quererás pagar. Só unha morte pode pagar outra. Aínda que ás veces é demasiado tarde. Os sinais que ti e máis eu vimos son xa definitivos. Será moi difícil estando o tempo xa tan preto. Marcha, nena, hai unha vida que verá a súa fin logo, pero non penses que será trabuco da morte. O prazo está cumprido e o final veralo en data próxima. Vaite.

Nada do que a muller lle dixo a Adela a acougou o máis mínimo. Concluíu voltar á

casa e agardar a que acontecese o que Deus quixer. En todo o día nin nai nin filla saíron da casa. Despois de te-lo lume aceso ficaron as dúas sentadas na cociña sen mediar palabra. A pequena estrañábase, pois había anos que súa nai non perdía un só día de traballo, e facíalle preguntas. Preguntas que malferían á muller pois xa non escoitaba a doce voz da súa meniña, senón un son rouco, funesto, carente de sentido, que lle falaba un idioma doutro mundo, incomprendible, distorsionado, coma nacido dunha tremenda besta abafante e escura que a espreitaba insistentemente. Adela tapaba a cara para non ve-lo horror en que a súa filla se convertera. O seu aspecto mudara, aquela besta que un día viu durante un momento apoderárase agora da aparencia da súa filla; esta xa non era humana, non era do mundo dos vivos. Logo de sentir que a nena marchara, decidiu subir para se deitar; pasou entón pola porta da nena pero non quixo entrar na habitación: un fedor funesto e insoportable manaba do cuarto e a nai xa se atopaba demasiado exhausta como para preocuparse por aquilo. A situación xa non tiña volta de folla. Xa de mañá o sol albiscaba entre as contras da ventá do cuarto, radiante, espléndido, coma nun típico día de verán. Ergueuse Adela do leito e calzou unhas vellas pantufas . Baixou á cociña e detívose subitamente cando viu á muller dos días pasados sentada nunha cadeira. Semellaba cansa, estaba engruñada, de novo coma nas outras ocasións non lle puido ve-la face; pero de tódolos xeitos Adela colleuna ameazante das roupas berrando:

–A miña filla! Que ten a miña filla!- estaba tan cansa que se derrumbou no chan e perdeu a conciencia.

Pasaron horas, as campás tocaban a morto. Adela ficaba no leito, á súa dereita estaba a filla, Pauliña, tal e como sempre foi, coas fazuliñas vermellas e as manciñas quentes termendo das de súa nai.

–Miña filla, por que tocan as campás a morto?, quen morreu?

-Carme, mamá. Atopárona na porta da nosa casa esta mañá cedo.

-Quen a atopou? ti?

-Non, non se sabe, quen fose deu parte pero ninguén puido recoñecer a aquela persoa.

-Está ben, filla. Axúdame a me erguer, que teño que ir facer un encargo importante e non me podo entreter.

A rapaza axudouna. A nai, apresuradamente, correu cara á casa da intrigante vella que estivera de visita na súa e da cal non lembraba outra cousa. Atravesou a porta, que estaba semiaberta. Chamou mais ninguén contestou. Percorreu as estancias ,no que parecía unha sala achou algo que a desacougou. A vella tiña un retrato de Pauliña agochado tras varias estampas antigas de virxes e santos. Colleuno e fuxiu a présa . Pasou de camiño á casa por un taboleiro no que adoitaban poñe-los bandos do concello e outros papeis. Novamente a inquedanza se apoderou dela cando leu nunha esquela o anuncio do cabodano de Carme, a defunta amiga de súa nai. As campás non deixaran de tocar a defunto.

Meses despois todo volvera a ser igual que antes dos agoiros. Xamais se volveu saber daquela muller que Adela vira por última vez naquela noite de confusión da que non se lembraba,. O único certo era que Pauliña estaba ben, novamente leda. Como tamén era certo que Carme levaba anos morta, tantos coma levaría a nai de Adela se tivese morto cando todos o pensaron.